



## PLAN DE TRABALLO LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS 2º PRIMARIA. CURSO 2024-2025 EQUIPO DOCENTE: INGLÉS

### MATERIAIS

- Worksheets
- Flashcards
- Recursos dixitais
- Materiais audiovisuais
- Cancións
- Contos
- Xogos

### PLAN DE TRABALLO

Tódalas sesións comezarán cunha rutina de saúde seguida dunha breve actividade oral para repasar os contidos da sesión anterior.

A continuación, comezaremos coa explicación das tarefas ou actividades que se levarán a cabo na presente sesión e que, de non ser rematadas no tempo establecido, deberán ser rematadas na casa. Polo contrario, o alumnado que remate as tarefas antes de tempo, terá á súa disposición actividades de ampliación con carácter lúdico.

Compre salientar que ó remate de cada unidade, unha vez realizada a avaliación da mesma, contaremos con actividades de reforzo para repasar aqueles contidos que así o precisen.

No que se refire á organización do traballo, poñerase énfase nas actividades en pequenos grupos buscando fomentar aspectos como o traballo cooperativo e a titoría entre iguais.

### CONTIDOS POR TRIMESTRE



Os contidos desta materia dividiranse en tres grandes bloques: comunicación, plurilingüismo e interculturalidade. Tal e como establece a lexislación vixente, ditos bloques de contidos teñen un carácter global e progresivo, polo que os tres bloques serán abordados de forma conxunta desde o primeiro trimestre, afondando e ampliando os contidos a medida que avanza o curso.

Deste xeito, os diferentes contidos que abrangue cada un dos bloques son:

BLOQUES DE CONTIDOS	CONTIDOS COMÚNS A TÓDALAS UNIDADES
<p><b>COMUNICACIÓN</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>• Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>• Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>• Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>• Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>• Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>• Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>• Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>• Convencións ortográficas elementais.</li> <li>• Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>• Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> </ul>



<p><b>PLURILIN GÜISMO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.</li> <li>• Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> </ul>
<p><b>INTERCUL TURALIDA DE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.</li> <li>• Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> <li>• Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>• Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

1st TERM	2nd TERM	3rd TERM
<p><b>Léxico de alta frecuencia relativo a:</b> Números do 1-20, saúdos, cores, días da semana, obxectos da aula, verbos básicos.</p> <p><b>Estructuras sintácticas:</b> How are you? I'm fine, thank you. What's your name? How old are you? I'm (eight). Let's be friends. How many (bikes)? Where's (number 16)? It's on the (skateboard). Today is (Monday). Can I have a (pencil), please? Here you are. Thank you.</p> <p><b>Léxico de alta frecuencia relativo a:</b> animais e partes do corpo de animais.</p> <p><b>Estructuras sintácticas:</b></p>	<p><b>Léxico de alta frecuencia relativo a:</b> roupa e estación do ano.</p> <p><b>Estructuras sintácticas:</b> I'm wearing/He or She is wearing (a jacket) We wear (swimsuits) in (summer).</p> <p><b>Léxico de alta frecuencia relativo a:</b> partes do colexio e materias.</p> <p><b>Estructuras sintácticas:</b> I like Maths. Do you like (Science)? I don't like (Arts and Crafts). My favourite subject is (English). I am in the (classroom). He/She is in</p>	<p><b>Léxico de alta frecuencia relativo a:</b> lugares na cidade, direccións e medios de transporte.</p> <p><b>Estructuras sintácticas:</b> Turn left/right/go straight on/stop... He/She goes to (school) by (car).</p> <p><b>Léxico de alta frecuencia relativo a:</b> verán e actividades ao aire libre.</p> <p><b>Estructuras sintácticas:</b> I like (surfing). I don't like (playing the guitar). Can you (dance)? Yes, I can/No, I can't. He/She can (dance hula).</p>



There is/There are It's got (one tail)	the (playground).	
<p><b>Léxico de alta frecuencia relativo a:</b> partes da casa e preposicións de lugar.</p> <p><b>Estructuras sintácticas:</b> Prepositions of place (in, on, under, next to)</p>		
<p><b>Celebracións:</b> Halloween, Christmas, Easter, Día da Paz etc. traballarase ó longo do ano na data correspondente.</p> <p><b>Outros:</b> estacións do ano, meses, días da semana, tempo etc. traballarase ó longo do curso.</p>		

## **AVALIACIÓN**

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación. A avaliación será global, continua e formativa.

No tocante á avaliación, ó longo do curso fomentarase a coavaliación e autoavaliación co obxectivo de aumentar a motivación e que o alumnado sexa plenamente consciente da súa evolución ó longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

<b>BLOQUES DE CONTIDOS</b>	<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>
<b>Comunicación</b>	Escala de observación Rexistro anecdótico Probas específicas Análise da produción do alumnado. Intercambios orais Dixitais (Kahoot, Quizziz...)
<b>Plurilingüismo</b>	Escala de observación Rexistro anecdótico
<b>Interculturalidade</b>	Observación dunha actitude positiva e interese de cara á lingua inglesa

Ao final de trimestre, ademais de valorar os resultados das probas escritas, teremos en conta o traballo cotián, actitude na clase e participación nas actividades.